

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Aula 4 da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

DATA: 3 de maio de 2018

HORA DE COMEZO: 13:05 h

HORA DE REMATE: 13:30 h

ASISTENTES:

Julia Álvarez García
José Anta Álvarez
Viviana Barneche Naya
Victor Barrientos Rodríguez
Luis Cea Gómez
Javier Eiras López
María Belén González Fonteboa
Luis Antonio Hernández Ibáñez
Juan Alfredo Jácome Burgos
Fernando Martínez Abella
María Isabel Martínez Lage
María Rocío Mihura López
Acacia Naves García-Rendueles
Margarita Novales Ordax
Alfonso Orro Arcay

Luis Pena Mosquera
Enrique Peña González
Juan Luis Pérez Ordoñez
Miguel Rodríguez Bugarín
Iván Rodríguez Álvarez
Ana María Rodríguez Pasandín
Félix Sánchez-Tembléque Díaz-Pache
Gumersinda Seara Paz
Joaquín Suárez López
Francisco Alberto Varela García
Ana María Vázquez González
Julia Vázquez González
Miguel Ángel Vázquez Varela

ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:

Alfredo Del Caño Gochi
María Pilar De La Cruz López

Francisco Javier Samper Calvete
Francisco Javier Taibo Pena

Preside a Sesión a Sra María Isabel Martínez Lage, directora do Departamento. Actúa como secretaria a Sra. Julia Álvarez García.

ORDE DO DÍA

1. Acordos a adoptar relacionados co encargo docente

A directora informa que convocou o Consello para tomar acordos en relación ao encargo docente da Escola de Camiños.

Segundo lle informou o director da Escola, o profesor Ignasi Colominas, no PDA enviado desde a Reitoría figuraban 0 grupos nas materias de terceiro curso da intensificación de Hidroloxía do grao de ITOP. Aínda que nun primeiro momento pensou que se trataba dun erro, na reunión con Vicerreitor de Profesorado este lle informou de que como no curso 2017-2018 houbo menos de 10 alumnos matriculados nestas materias, o Vicerreitor decidiu suprimir este ano as materias de terceiro curso de dito itinerario e no curso 2019-2020 as correspondentes a cuarto curso.

O director defendeu o mantemento da especialidade e os graves prexuízos que podería causar a dita supresión na Escola.

O vicerreitor, para acceder a proposta do director, pide un compromiso de non solicitar ningunha praza nova para a docencia das materias afectadas. Debátese o tema no Consello.

O profesor Martínez Abella propón que en contrapartida ao noso compromiso o Vicerreitor se comprometa a non despedir a ninguén.

Apróbbase a proposta por asentimento.

Como segundo tema relacionado co POD da Escola de Camiños, a directora informa que os profesores da Área de Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica que imparten docencia en dita Escola, pediron o apoio do Consello de Departamento á solicitude que presentaron ante a Dirección para o cambio de adscrición de parte da docencia da materia "Debuxo na Enxeñería II" do Grao de Tecnoloxía da Enxeñería Civil. Ditos profesores solicitan á Escola que a totalidade da docencia desta materia sexa impartida pola súa Área, debido á xubilación do profesor Jesús Urrutia, da Área de Expresión gráfica na enxeñería e que por motivos históricos viña impartindo dita docencia.

Debátese o tema no Consello. Apróbbase por asentimento o apoio do Consello a dita petición.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión as 13.30 horas e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Julia Álvarez García

María Isabel Martínez Lage